



Concello de Vilariño de Conso

DECRETO DE ALCALDIA

Á vista do procedemento de contratación tramitado, iniciado por Decreto de Alcaldía, memoria xustificativa, Decreto de Alcaldía de aprobación do proxecto técnico (de 9/8/2019), informe de secretaria-intervención, prego de cláusulas administrativas elaborado ó efecto da mesma data, e proxecto técnico aprobado, A obra financiarase mediante Resolución do IGVS otorgouse unha subvención para levar a cabo a rehabilitación de edificación de titularidade municipal, de data 25/4/2019, conforme a orde reguladora do 21 de decembro de 2017 e Resolución de 28 de decembro de 2018 de convocatoria para o ano 2019 e con carácter plurianual.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado para a obra que se indica, convocando a súa licitación:

| | | | |
|---------------------|---|--------------------------------|-----------------|
| Obxecto: | REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA 1 VIVENDA, PRAZA DA VILA Nº 1 | | |
| Autor do Proxecto | Titulación | Orzamento | Data aprobación |
| Oscar Menor Tesouro | Arquitecto | 126.607,79 € (ive incluído) | 9/8/2019 |

SEGUNDO: Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 920/619 pola anualidade de 2019, segundo o previsto nos pregos.

TERCEIRO: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e demais documentación requerida.

QUINTO: Designar os membros da mesa de contratación de acordo co previsto na cláusula decimo cuarta do Prego Cláusulas Administrativas Particulares.

En Vilariño de Conso,
O ALCALDE POR DELEGACIÓN.
(D.A. 9/7/2019)

D. Martin Guerra Guerra.

A SECRETARIA-INTERVENTORA

D^a. Ana María Loureiro Silva

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

